

ARTE DO S.XIX. O IMPRESIONISMO

OBRA: CATEDRAL DE ROUEN

AUTOR: **Claude MONET**

CRONOLOXÍA: Serie entre 1892-1894

ESTILO: Impresionismo

TÉCNICA: Óleo sobre lenzo

MEDIDAS: 107 cm x 73,5 cm

LOCALIZACIÓN: Varios museos



COMENTARIO

Claude Monet coñeceu na súa xuventude a pintura ao aire libre, inusual entón e, xunto a Renoir, facía excursións para pintar do natural, adicándose á paisaxe. Desde moi cedo, Monet convertírase no aglutinador do grupo de pintores novos que daría lugar aos impresionistas. Os seus comezos artísticos foron moi difíciles debido á incompreensión da crítica e do público. Nos anos 1870, Monet instalouse en Argenteuil, pintando incansablemente o río e a natureza, adquirindo definitivamente a súa pintura un tinte impresionista. Será impresionista puro ata a súa morte en 1926, creando coa luz a cor e a forma. A súa temática céntrase en temas mariños, escenas fluviais e paisaxes, nos que reflicte as variacións cromáticas creadas pola luz natural ao longo do día, polo que pintou series dun mesmo lugar ou motivo en distintos momentos do día como a presente obra *A catedral de Rouen*.

A partir de 1888, Monet comezou as súas famosas **series**, onde levou ao extremo as súas experiencias pictóricas. Monet evolucionará ata centrarse directamente na natureza, elixindo como tema fundamental da súa obra a luz, xa que segundo el os infinitos cambios lumínicos explican os constantes cambios, a aparencia momentánea das cousas, das cores e das formas. A gran paixón deste pintor foron as paisaxes puras, directamente tomadas do natural, sen retoques no obradoiro, e pintadas cunha técnica rapidísima para captar a luz e a cor dun instante. As paisaxes de Monet caracterízanse por unha frescura de visión. Superpón pequenas pinceladas curtas, cargadas de pasta, de cores puras, a modo de rasgueo sobre a tea, pretendendo plasmar así ese carácter continuamente cambiante e vibrante da natureza. Para Monet, seguindo ao filósofo Heráclito, o momento é irrepetible e cambiante, polo que é necesario captalo rapidamente e ao instante. Aínda así, o pintor comprende a súa incapacidade para captar en toda a súa plenitude o instante fugaz, xa que os efectos atmosféricos mudan sen cesar, e non hai posibilidades de conseguir que unha tea poida deter e pormenorizar o momento. Para solucionar o problema de captar o instante, nas últimas décadas do S.XIX, Monet comezou en plena madurez artística as súas célebres series. O pintor levou a cabo un número indeterminado de lenzos baseados no mesmo motivo, pero pintados a distintas horas do día ou en diferentes estacións do ano. Monet traballaba sobre varios lenzos á vez, pasando dun a outro en función dos cambios atmosféricos. Por outra banda, nestas series é imprescindible a participación do espectador, que debe recompoñer a visión global da paisaxe pintada, case como se se tratase dun anaco real da natureza. Nas súas series, Monet soubo captar ao longo de varios meses toda a riqueza de cores, brillos e texturas que se materializan na natureza. Monet chega a desintegrar os obxectos, xa que para o pintor o fundamental son as sensacións ópticas que se experimentan disfrutando estas vistas, nas que vemos un alarde de matices infinitos construídos a partir de ínfimas notas de cor pura, como minúsculos átomos de materia. Entre as series máis famosas destacaron as da estación parisina de Sain Lazare, as da catedral de Rouen, as vistas do Támesis, as de San Marcos de Venecia ou os nenúfares, onde case roza a abstracción.

A **serie da Catedral de Rouen** consta de 31 lenzos, onde se mostra a fachada da catedral gótica de

Rouen baixo distintas condicións de luz e tempo. A obra conseguiu a admiración inmediata da crítica e do mercado da época, e de autores posteriores. É unha serie na que xoga coas variacións que sobre ela producen as diferentes luces do día e as diferentes estacións do ano nos que a fachada da catedral perde a súa consistencia sólida baixo unha morea de pinceladas luminosas. A fachada está representada desde un punto de vista próximo en exceso, de tal forma que a arquitectura, debido á case ausencia de perspectiva, perde a súa grandiosidade e queda ata seccionada nas torres e pináculos. O auténtico protagonista da composición non é o modelo arquitectónico senón a capacidade da pintura de representar a calidade dinámica da luz e do ambiente, que é capaz de dar vida a algo tan pétreo e inanimado como a imponente fachada da catedral gótica. A variedade e riqueza dos matices da luz caendo sobre os obxectos en distintos momentos son para el unha fonte inesgotable de sensacións ópticas que plasma nos seus cadros cunha técnica non só necesariamente rápida, senón chea de pinceladas infinitas que buscan recoller os matices da luz e dos seus reflexos.

Cor. En cada lenzo hai unha cor predominante. A elección da paleta reflicte os distintos tons cos que a luz do día ía tinguindo a fachada da catedral: duns suaves azuis para os lenzos creados pola mañá, pásase a uns vivos tons ocres e dourados para os cadros a pleno sol, e castaños e grises para os días nubrados.

Debuxo. O obxecto desdebúxase e perde nitidez, os contornos desaparecen e consegue a impresión de que a arquitectura se expande fóra do cadro.

Pincelada. Son toques rápidos e pequenos de cores puras que crean sensación de inacabado. As cores primarias situadas ao lado das complementarias poténcianse e ao mesmo tempo crean contrastes.

Realización. Incapaz de representar nun lenzo completo cada instante fugaz, Monet traballaba en ocasións simultaneamente con varios lenzos, centrándose nun en concreto cada vez que as condicións de luz e ambiente se parecían ao do cadro en cuestión.